

A AC Alexandre Bóveda acolle a exposición 'Ser-tão'

Unha exposición que mostra un novo ollar da paisaxe brasileira

Redacción 8 de setembro de 2025

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/ac-alexandre-boveda-acolle-exposicion-ser-tao/20250908215539233272.html>

Esta segunda feira foi inaugurada, ás 19:30 horas no local da [AC Alexandre Bóveda](#), a exposición 'Ser-tão' do fotógrafo brasileiro **Marcos Vieira**. Unha mostra feita en colaboración entre a AC Alexandre Bóveda e a [Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega \(AELG\)](#).

Así mesmo, a exposición da comezo a un novo curso que será unha data redonda para a AC Alexandre Bóveda, que cumprirá, este 2026, 50 anos tecendo un espazo de liberdade e de memoria histórica, no que a defensa da lingua sempre foi unha prioridade.

A presidenta, **Carmela Galego**, afirma que este, tamén, será "un curso para lembrar o nome dde todos os nosos afogados, como o de **Francisco Miguel** e **Syra Alonso**. Lembrar, honrar e celebrar".

Na exposición estiveron presentes **Beatriz Maceda**, vicepresidenta da AELG, e **Jakson Renner Rodrigues Soares**, comisario da mostra. Jakson é docente investigador vinculado tanto á [Universidade da Coruña \(UDC\)](#) como á Universidade Estadual de Ceará no Brasil.

'Ser-tão' pretende ser un viaxe ao sertão brasileiro da man do fotógrafo e sociólogo Marcos Vieira. Os seus traballos sempre estiveron cara a área da cultura e do medioambiente. Isto reflexa nas imaxes expostas; posto que, sertão brasileiro, normalmente, descrito como árido e afastado, convértese na mostra nun universo humano, cargado de emoción, de cor, de textura e de dignidade.

Quere ser, tamén, un símbolo político e cultural ao representar o Ceará, xoia do nordeste brasileiro e unha terra esquecida polo Estado e un lugar de loita. Galego apunta que "o que vemos nestas imaxes é máis ca seca ou terra rachada: é vida, é resistencia, é beleza, é memoria. É un chamamento a recoñecer que ser tamén é plural, ser diverso, ser común".

O acto contou cun concerto da cantante e compositora brasileira **Euterpe**. A exposición poderase visitar durante este mes.